



Gastronomía, deporte, cultura, ocio e música reúnen na XXI Festa da Troita

Todo listo en Oroso para celebrar a XXI Festa da Troita, que este ano terá lugar os días 12, 13 e 14 de maio cun programa moi variado e dirixido a todos os públicos. A alameda de Góis (Sigüeiro) será o epicentro das actividades programadas polo Concello de Oroso. "A Festa da Troita é algo máis ca unha simple festa gastronómica. Conxuga gastronomía, deporte, cultura, animación lúdica e veerbena tradicional coas mellores orquestras de Galicia. Por iso foi declarada Festa de Interese Turístico Galego no ano 2009", explica o alcalde Manuel Mirás.

A degustación de troitas terá lugar o domingo 14, ás 12:30 horas, nos 36 bares colaboradores e na carpa da alameda de Góis. Unha degustación que nos últimos meses chegou tamén a lugares como Ourense ou Betanzos, como a mellor embaixadora desta Festa pois "troitas como as de Sigüeiro non as hai nin se cociñan no mundo enteiro", lembra Manuel Mirás, quen agradece a

participación dos establecementos hosteleiros, "sen cuxa colaboración esta festa non sería o que é".

Unha hora despois, ás

Castanheira, presidenta da Cámara Municipal de Góis. Acto seguido procederá a entregar os premios do Concurso de Pesca, tanto de adultos como infantil.

12, coa primeira sesión do Festival Oroso en Vivo. O Sábado será a quenda das Orquestra Panorama e Atenas; mentres que o domingo pecharanse as festas coa actuación do Combo Dominicano e a Orquestra Metrópolis (19:30 horas). A maiores, Lembranzas do Tambre e Néboas no Cumio darán un concerto o sábado, ás 19:30 e ás 20:30 horas, na praza Isaac Díaz Pardo. E o domingo 14, ás 12:00 horas, Buxos Verdes fará o seu tradicional pasacalle e baile na alameda de Góis como prelude á Degustación de Troitas. As charanga Mekánica e TNT, e o grupo de percusión Malandros porán a nota musical da festa.

XXI FESTA DA TROITA 2017
SIGÜEIRO (OROSO) · 12, 13 E 14 DE MAIO

VENRES 12 DE MAIO
FESTIVAL OROSO EN VIVO
Orquestra FANIA
Orquestra PARIS DE NOIA

SÁBADO 13 DE MAIO
COMPONENTE DE PESCA ADULTOS
EXHIBICIÓN "CATRO MÉDICOS POR OROSO"
MAGOS TETO
COMPONENTE DE PESCA INFANTIL
MAGOS TETO
BAILA - PASACALLE
BAILA - PASACALLE
BAILA - PASACALLE
BAILA - PASACALLE
Orquestra ATENAS
Orquestra PANORAMA

DOMINGO 14 DE MAIO
COMPONENTE DE PESCA INFANTIL
MAGOS TETO
COMPONENTE DE PESCA ADULTOS
MAGOS TETO
BAILA - PASACALLE
BAILA - PASACALLE
BAILA - PASACALLE
BAILA - PASACALLE
Orquestra METRÓPOLIS
COMBO DOMINICANO

MUSICA GASTRONOMIA CULTURA DEPORTE

OROSO XUNTA DE GALICIA DIPUTACIÓN DE CORUÑA GALICIA #ABANCA

13:30 horas, terá lugar o pregón da festa, que este ano correrá a cargo de María de Lurdes Oliveira

En canto á música, as orquestras París de Noia e Fania abrirán a festa ás 22:30 horas do venres

A maiores, o Concello ten aberta no centro cultural a exposición de pintura "Catro médicos por Oroso" e ofrece actividades para os máis pequenos: obradoiros infantís (sábado ás 11:30 horas), o Mago Teto (sábado ás 18:00 horas) e xogos en familia de Garabato de Xogos (o domingo na praza do Concello).



Descarga a APP no teu móbil dende www.concellooroso.com, envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible





Máis de 400 atletas na V Carreira Pedestre

Os atletas Nuno Costa (Club Deportivo San Paio de A Estrada) e Belén Bascoy Cao (Canicross Vigo) gañaron con autoridade a V Carreira Pedestre Concello de Oroso, disputada nun circuíto de 10 quilómetros polo municipio orosán. Nesta proba, a segunda da temporada no Circuito de Carreiras da Deputación da Coruña, participaron 407 atletas, 123 adultos e 284 nenos/as



Aberto o prazo de presentación de candidaturas para a cuarta edición da Gala da Cultura

O Concello de Oroso vén de abrir o prazo de presentación de candidaturas para participar na IV Gala da Cultura, que terá lugar no centro cultural de Sigüeiro o venres 2 de xuño, ás 20:30 horas. Como en anos anteriores, haberá catro recoñecementos especiais: á traxectoria no eido da cultura, á promesa 2016, á asociación/entidade 2016 que potencia a cultura no termo municipal e á empresa que apoie a cultura. As candidaturas, que poden ser presentadas por calquera veciños/a, institución ou asociación do municipio, deberán presentarse no Rexistro do Concello de Oroso, de 8:30 a 14:00 horas, antes da última semana de maio. Será preciso achegar un CV do candidato e unha memoria cos motivos para merecer o galardón. As candidaturas serán valoradas por un xurado, que dará a coñecer o seu faio durante a IV Gala da Cultura. Máis información: www.concellooroso.com

O Concello convoca o XII Concurso de Marcapáxinas

Para conmemorar o Día das Letras Galegas, o Concello convoca o XII Concurso de Marcapáxinas, dirixido a nenos/as de 3 a 14 anos. A temática é libre e os orixinais, en formato 20x5 cms, deben presentarse na Biblioteca Municipal antes do 15 de maio. Os premios serán un lote de libros e a edición dos marcapáxinas gañadores.



Novos cursos en EducaOroso: finanzas e escaparatismo

EducaOroso ofrece dous novos cursos de formación: "Finanzas Persoais" (50 prazas, inscricións ata o 12 de maio. Do 15 de maio ao 15 de xullo) e "Escaparatismo e imaxe no punto de venda", dirixido en especial ao sector empresarial do municipio. Máis información: 981 688 950.



XXI CAMPIONATO DE PESCA
CONCELLO DE OROSO 2017

SENIOR, SÁBADO 13 DE MAIO ÁS 08:00 NO COTO DO RIO TAMBE
INFANTIL, DOMINGO 14 DE MAIO ÁS 09:30 PASO DO CARBOEIRO

INSCRIBETE NAS OFICINAS DO CENTRO DEPORTIVO DE SIGÜEIRO ANTES DO DÍA 3 DE MAIO

Deputación DA CORUÑA | OROSO | www.orosoa.es | deportes@orosoa.gal

981 82 79 01

IV BTT DA TROITA
"ruta a todo gas"

21 DE MAIO 2017
SIGÜEIRO - OROSO

ORGANIZA:
Clube ciclista Troiteiro Bika

COLABORA:

OROSO | Coca-Cola |

LUNE E FINE NEGRO

Feliz día da Nai

Sorteo dunha cesta de produtos de estética valorada en 100€

Coas tuas compras nos establecementos de Sigüeiro vende do 28 ao 6 de maio 2017

Sigüeiro vende


ESTABLECIMENTOS PARTICIPANTES:

- Zouave Hair
- A Baño de Suseid
- Confeccións Piveter
- As Escarinas
- W Vestidos Aza
- Sponer Redstone
- Optica Redstone
- Xulia Floriana
- Calabro Liti
- El Raper do Nobe
- Alabara Bateria
- Fotografías Montenegro
- Fato Sive
- Paracelaria Babilon
- Pescadería Ines
- OVE
- Hortelán e Casa Verde
- Palacios
- Carra
- Español
- Labeiras
- Chantre
- Cruz Remes
- Cantaría Lempardo
- O Look
- Zoube
- Xosé Kato
- Enefles



O Concello presentará unha guía bilingüe do Camiño Inglés

O Concello de Oroso participou de forma moi activa o pasado mes de abril no programa "Primavera no Camiño", organizado pola Deputación da Coruña. En primeiro lugar, o Concello tomou parte no acto central celebrado en Betanzos, onde ademais de amosar o potencial turístico do noso municipio aos milleiros de persoas que se achegaron pola Cidade dos Cabaleiros, aproveitou para promover a súa Festa da Troita cunha degustación gratuíta. Unha charla divulgativa en Sigüeiro a cargo do xornalista Cristóbal Ramírez serviu para concienciar ao sector hostaleiro e comercial das potencialidades do Camiño. E o 26 de maio, ás 20.30 horas, o centro cultural acollerá a **presentación da guía "Descrición do Camiño Inglés, de Coruña a Compostela"**, escrita por Manuel Pazos Gómez e Trese Barton con máis de 200 fotos, descricións históricas, mapas, listado de albergues...



Degustación de troitas de Oroso en Betanzos e conferencia de Cristóbal Ramírez dentro do programa "Primavera no Camiño"



Gran éxito da Troi Cup, que gañou o RC Celta

O Real Club Celta proclamouse campión da primeira edición da Troi Cup, torneo internacional alevín de fútbol 7 do Concello de Oroso tras vencer na final por 3-1 ás Escolas de Fútbol Luís Calvo Sanz (Carballo). Un torneo que reuniu en Sigüeiro a 12 equipos españois e portugueses, así como a un milleiro de afeccionados. O ED Xuventude Oroso logrou un meritorio 3º posto.





FOI NOTICIA...



Cinco títulos autonómicos e nove medallas. O Oroso TM volveu demostrar nos Campionatos Galegos de tenis de mesa celebrados en Narón que é unha das mellores canteiras do país. E na categoría benxamín arrasaron, gañando os tres títulos en disputa.



Martín Pena Varela proclamouse subcampión Galego de Xadrez tras competir ante outros 57 xogadores en Padrón. Un éxito ao que hai que engadir o do Xadrez Oroso, que non só logrou manterse na Liga Galega de Xadrez senón que acadou un meritorio quinto posto.



Os alevíns do Xuventude Oroso clasificáronse para a fase final da Arousa Fútbol 7, na que xogarán fronte ao Atlético de Madrid, PSG, RC Deportivo da Coruña e RC Ceta de Vigo. Na fase de clasificación gañaron todos os partidos con 37 goles a favor e 1 en contra.



Algo máis de 650 veciños e veciñas de Oroso, maiores de 60 anos e os seus acompañantes, participaron no xantar do Día dos Maiores, que tivo lugar no complexo deportivo Juanito Amigo de Sigüeiro. Un acto que estivo presidido polo alcalde, Manuel Mirás.



"Témolo clarísimo: Sigüeiro Vende". Así se presentaba en sociedade a asociación de comerciantes "Sigüeiro Vende", que agrupa a 25 establecementos. O alcalde ofreceu a colaboración do Concello pois "podemos converter Sigüeiro nun centro comercial aberto".



Todos os que nos visiten na XXI Festa da Troita poderán coñecer no cnetro cultural a mostra "Catro médicos por Oroso", protagonizada polos galenos Constantino Cuesta (Oroso), Jesús Vázquez Gallego (Lugo), Leopoldo García Méndez (Vigo) e Pablo González Leal (Ferrol).

